

CONVOCATORIA DE PRBAS ESPECÍFICAS DE ACCESO AOS ESTUDOS DE GRAO EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE, DA FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC), PARA O CURSO ACADÉMICO 2025-2026

O Real decreto 1423/1992, do 27 de novembro, sobre incorporación á universidade de ensinanzas de Educación Física, establece no seu artigo 3 que as universidades, en atención ás aptitudes indispensables para a aprendizaxe das materias ou disciplinas propias das ensinanzas de educación física, poderán efectuar, a quen solicite iniciar os estudos, probas de avaliación das aptitudes persoais para a actividade física e o deporte que, en ningún caso, consistirán en probas de coñecemento e só se outorgará a cualificación de apto ou non apto.

As normas vixentes que regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o procedemento de admisión ás universidades públicas españolas, permiten que as universidades poidan establecer probas específicas para o acceso a determinadas ensinanzas; non obstante, a solicitude para realizar as probas específicas non exime da realización dos trámites de acceso e admisión á Universidade, regulados no RD 534/2024, do 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión.

O apto nas probas físicas das universidades da Coruña e de Vigo serán recoñecidas para o acceso ao grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte desta universidade.

De acordo co exposto, convócanse as probas específicas de acceso, que se regularán polas seguintes

BASES**Primeira: número de prazas**


O número de prazas para a admisión aos estudos do 1.º curso do grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte para o curso académico 2025-2026 será o que aprrobe a Comunidade Autónoma de Galicia, tras a proposta do Consello de Goberno da UDC.

Segunda: requisitos

Ademais das persoas que reúnan os requisitos previstos no capítulo II do RD 412/2024, do 11 de xuño, polo que se regulan os requisitos de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao, as características básicas da proba de acceso e a normativa básica dos procedementos de admisión, poderase presentar ás probas específicas de acceso quen teña superado ou estea a cursar o bacharelato ou un ciclo formativo de grao superior.

De acordo co disposto no artigo 9 do RD 971/2007, do 13 de xuño, sobre deportistas de alto nivel e de alto rendemento, estes deportistas están exentos de realizar estas probas, sen prexuízo do alcance e límites a esta condición establecidos no artigo 16 do citado real decreto.

Os/as aspirantes que obteñan a cualificación de "apto" nas probas específicas de acceso nesta convocatoria, non terán que realizalas novamente nas convocatorias dos cursos académicos 2026/2027 e 2027/2028, sen prexuízo de cumpriren coa normativa para o acceso e admisión á universidade.

Código Seguro De Verificación	1ED/GLUD0ef11EGMOEWjsQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	14/02/2025 10:08:20	
Observacións		Páxina	1/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1ED/GLUD0ef11EGMOEWjsQ==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Terceira: solicitude de matrícula para realizar as probas de admisión e documentación que hai que entregar

As persoas que desexen realizar as probas específicas cubrirán o formulario en liña dispoñible na páxina web da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, que se pode atopar na seguinte ligazón: <https://probasinefgalicia.udc.es/inscripcion/paxina-inicio.htm>.

Unha vez completado o formulario, as persoas aspirantes anexarán a seguinte documentación nos puntos correspondentes da aplicación:

- Documento de identidade (DNI por ambas as caras ou pasaporte) en formato PDF ou JPG.
- Certificado médico expedido en data recente (como máximo nos catro meses anteriores ao prazo de entrega da documentación) en que se faga constar que non se padece ningunha enfermidade ou patoloxía en que estea contraindicada a práctica deportiva.
- Xustificante de aboar os dereitos de exame e do seguro de accidentes. No concepto de aboamento débese indicar o nome da persoa aspirante.
- A documentación xustificativa en caso de bonificación ou exención de prezos.

As persoas aspirantes incluídas na quenda de discapacidade deberán:

- Solicitar expresamente, mediante unha instancia dirixida ao decano da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, que se realicen as adaptacións necesarias ao seu caso.
- Achegar coa súa documentación a certificación oficial de discapacidade, recoñecida polo órgano correspondente da Xunta de Galicia ou outro órgano oficial.

A non presentación de toda a documentación en prazo será motivo para non resultar admitido/a nas probas.


Cuarta: prazos de matrícula para as probas específicas de acceso

Os prazos de matrícula para realizar as probas específicas de acceso serán os seguintes:

- Oportunidade do **26 de abril de 2025**: desde o día 3 de marzo ata as 14:00 horas do 25 de marzo.
- Oportunidade do **16 de xuño** (e 17 de xuño, se for necesario por un elevado número de aspirantes) de 2025: desde o 8 de maio ata as 14:00 horas do 28 de maio.

Á oportunidade do 16 de xuño (e 17, se for necesario por un elevado número de aspirantes), poderán concorrer aquelas persoas que non obtiveron a cualificación de apto na oportunidade de abril e tamén aquelas que, por calquera circunstancia, non se presentasen a esta; en ambos os casos requírase unha nova inscrición para esta segunda oportunidade.

Tras o peche do prazo de matrícula de cada oportunidade a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física publicará a relación provisional de persoas admitidas e excluídas no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da UDC e na páxina web do centro, e abrirase un prazo de cinco días naturais para posibles reclamacións. A relación definitiva de persoas admitidas será publicada nos

Código Seguro De Verificación	1ED/GLUDOef11EGMOEWjsQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	14/02/2025 10:08:20	
Observacións		Páxina	2/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1ED/GLUDOef11EGMOEWjsQ==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

mesmos lugares. Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso de alzada ante o reitor, no prazo máximo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Quinta: dereitos de exame

O importe dos dereitos de exame é de 63,67 €, máis 6 € en concepto de seguro de accidentes, cantidades que se aboarán nun único pagamento. As posibles bonificacións ou exencións de prezos estarán suxeitas ao disposto no artigo 16.2 da Normativa de xestión académica para o curso 2024/2025, aprobada por Resolución reitoral do 7 de xuño de 2024, e serán de aplicación unicamente ao prezo polos dereitos de exame.

O pagamento dos dereitos de exame e do seguro de accidentes deberán realizarse a través da seguinte pasarela de pagamento: <https://udcxest.udc.gal/xest/index.xhtml?codArea=CDEF>

O pagamento dos dereitos de exame permitirá presentarse ás dúas oportunidades previstas nesta resolución (abril e xuño); **en caso de presentarse tamén á segunda oportunidade, só terá que aboar novamente o seguro de accidentes, cursar a solicitude na aplicación de inscrición nos prazos indicados, xuntando o xustificante do pagamento do seguro e un novo certificado médico**, no caso de que a data de expedición do anterior supere os catro meses.

Sexta: lugar e datas de realización das probas

As probas realizaranse nas instalacións da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña, situada na avenida Ernesto Che Guevara, 121, de Oleiros.

As dúas oportunidades de realización das probas específicas de acceso terán lugar nas datas establecidas na base 4.ª.

Sétima: regulamento das probas específicas de acceso

As probas desenvolveranse de acordo co previsto no [Regulamento das probas específicas de acceso aos estudos de grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte](#).

Descrición e orde de realización:

Consistirá na realización de tres probas de aptitude para a actividade física e o deporte, cunhas puntuacións A e B, conforme o baremo que recolle o anexo I desta convocatoria e seguindo a orde que se especifica a seguir:

Bloque 1: Proba de adaptación ao medio acuático

Bloque 2: Elixir unha entre as tres seguintes:

- Proba de axilidade no chan
- Proba de carreira de obstáculos
- Proba de axilidade co balón

Bloque 3: Proba de resistencia cíclica

Código Seguro De Verificación	1ED/GLUD0ef11EGMOEWjsQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	14/02/2025 10:08:20
Observacións		Páxina	3/6
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1ED/GLUD0ef11EGMOEWjsQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Puntuacións e procedemento

A persoa aspirante terá que realizar tres probas: obrigatoriamente as probas de adaptación ao medio acuático e de resistencia cíclica (bloques 1 e 3); e unha terceira elixida no momento da inscrición entre as tres restantes (bloque 2). Para conseguir o apto será necesario, polo menos, a puntuación A en dúas probas e B na terceira restante. O tribunal poderá desqualificar un/ha aspirante nunha proba se non cumpre o que establece o regulamento.

O tribunal poderá modificar a orde das probas se for necesario, en función das necesidades de organización. Cando o rendemento do/a aspirante nunha proba sexa interferido por motivos alleos á súa vontade, a xuízo do tribunal, a persoa aspirante poderá repetir a proba.

Oitava: aptos

Ao remate de cada oportunidade publicarase a relación provisional de aptos e non aptos, en función do baremo establecido no regulamento destas probas. A Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física publicará esta relación no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da UDC e na páxina web do centro, e abrirase un prazo de cinco días naturais para posibles reclamacións. Unha vez que estas se resolvan, publicarase a relación definitiva de aptos e non aptos nos mesmos lugares e contra esta relación poderase interpoñer un recurso de alzada ante o reitor no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación.

O "apto" nestas probas específicas de acceso (nas universidades de Coruña e Vigo) desta convocatoria terá validez para acceder ao grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Universidade da Coruña no curso académico 2025-2026 e manterá a súa vixencia para os dous cursos seguintes (2026-2027 e 2027-2028); será comunicado, ademais, á Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG). As probas de acceso correspondentes realizadas e superadas con "apto" na Universidade de Vigo para o curso académico 2024-2025, terán recoñecemento na Universidade da Coruña para os cursos 2025-2026 e 2026-2027.


Novena: tribunal

As probas específicas serán xulgadas por un tribunal nomeado polo reitor da Universidade da Coruña, por proposta do decano da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, entre o seu profesorado, e estará presidido polo decano ou persoa en quen delegue.

Os membros do tribunal percibirán as indemnizacións establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, correspondentes á categoría 1.ª, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

Décima: protección de datos

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXP), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informamos que os datos que a persoa interesada facilite para concorrer a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa

Código Seguro De Verificación	1ED/GLUD0ef11EGMOEWjsQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	14/02/2025 10:08:20	
Observacións		Páxina	4/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1ED/GLUD0ef11EGMOEWjsQ==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.


A finalidade do tratamento destes datos persoais é a correcta xestión desta convocatoria. Todas as persoas que teñan acceso a estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD).

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7.^a da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada nos citados taboleiros ata 30 días contados a partir da data da súa publicación.

Estes datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa finalidade indicada nesta convocatoria.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderanse exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa Mestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, con referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, ao que se xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente, poderá dirixir esta solicitude directamente ao delegado de protección de datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Documento asinado dixitalmente polo reitor da Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	1ED/GLUD0ef11EGMOEWjsQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	14/02/2025 10:08:20	
Observacións		Páxina	5/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1ED/GLUD0ef11EGMOEWjsQ==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			

ANEXO I
Baremo aprobado en xunta de facultade do 7 de decembro de 2014

Baremo das probas específicas de acceso aos estudos de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña.

Bloque I:

Proba 1. Adaptación ao medio acuático			
	Marca A		Marca B
Homes:	46.00 s	Homes:	48.53 s
Mulleres:	53.40 s	Mulleres:	56.00 s

Bloque II:


Proba 2. Proba de axilidade no chan			
	Marca A		Marca B
Homes:	7 puntos	Homes:	6,7 puntos
Mulleres:	7 puntos	Mulleres:	6,7 puntos

Proba 3. Carreira con obstáculos			
	Marca A		Marca B
Homes:	9.20 s	Homes:	9.80 s
Mulleres:	11.28 s	Mulleres:	11.88 s

Proba 4. Proba de habilidade co balón			
	Marca A		Marca B
Homes:	1 min 40 s	Homes:	1 min 54 s
Mulleres:	2 min 35 s	Mulleres:	3 min 16 s

Bloque III.

Proba 5. Proba de resistencia cíclica			
	Marca A		Marca B
Homes:	9 min 44 s	Homes:	10 min 16 s
Mulleres:	13 min 01 s	Mulleres:	13 min 58 s

Código Seguro De Verificación	1ED/GLUD0ef11EGMOEWjsQ==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	14/02/2025 10:08:20	
Observacións		Páxina	6/6	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/1ED/GLUD0ef11EGMOEWjsQ==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			